Para atopar os libros que buscas debes ter en conta a etiqueta (“tejuelo”) que teñen colocada na parte inferior do lombo

82
LOB
con

- O nº da **CDU**, neste caso: LITERATURA (**Ler, Falar**)
- 3 primeiras letras do apelido do autor en maiúsculas
- 3 primeiras letras do título en minúsculas



Os libros de literatura están ordenados por cores :

vermello : E. Infantil

Verde: 1º ciclo Primaria

Azul: 2º ciclo

Amarelo : 3º ciclo

Os libros clasifícanse polas materias das que tratan (CDU) A cada materia correspóndelle un número dende o 0 ata o 9



Podes consultar o catálogo vía Internet en:

http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Portada.aspx

Ou a través do blog da biblioteca:

http://www.blogoteca.com/orecantodemik/



GUÍA DE USUARIOS/AS



Curso 2009-10

NORMAS DE USO

✓Debes **coidar os libros**. Evita dobralos, manchalos , engurralos…. **Ti** es responsable do libro que levas e, no caso de estragalo ou perdelo, deberás repoñelo ou abonar o seu importe, para incorporalo de novo á Biblioteca.

✓Na biblioteca debes estar en **silencio** para non molestar aos demais.

✓Se atopas un **libro en mal estado,** avisa aos encargados/as da biblioteca e colócao no caixón que pon **"reparar".**

✓Podes facer **uso dos ordenadores** sempre co permiso do mestre/a de garda.

✓**Non comas nin bebas dentro da biblioteca**

✓**Se ordenado/a:** deixa os libros onde os atopaches. Usa o teu marcador para localizar o lugar onde colliches o libro. Se tes dúbidas, non o coloques, déixao no caixón que di **"colocar"**.

✓**Se responsable**: **devolve os materiais que tes en préstamo dentro do prazo.** Pensa que outras persoas poden querer usalos.

PRÉSTAMOS

Debes presentar o teu carné de usuario/a para calquera préstamo ou devolución

Os préstamos e as devolucións sempre serán rexistradas mediante o programa informático de xestión

Horario

- 1 sesión semanal cada grupo/clase co seu titor ou titora

Alumnado

- 2 libros de ficción. Tempo máximo 15 días
- 1 película ou disco de música e 1 libro de ficción. Durante 15 días como máximo

NON SE PRESTAN:

- Enciclopedias e dicionarios
- Libros e materiais marcados cunha estrela no lombo

Aulas

FICCIÓN

- Como máximo, 20 libros durante un trimestre.

CONSULTA

- Poden permanecer na aula durante 1 semana prorrogable por unha semana máis.

ESPAZOS

- **ZONA DE CONSULTA:** nesta zona atoparás os libros que conteñen información sobre moitos temas: dicionarios, enciclopedias, atlas, biografías …

A Biblioteca conta con catro ordenadores con conexión a internet, que che permitirá atopar información sobre calquera tema.

- **ZONA DE LITERATURA (clase 8):** os libros de ficción, contos, poesías, teatro, cómics..., están ordenados por idades.
- **ZONA DE LECTURA:** para poder gozar da lectura comodamente.
- **ZONA DE TRABALLO :** mesas grandes nas que podes traballar en grupo ou individualmente.
- **EXPOSITOR DE NOVIDADES:** últimas incorporacións
- **EXPOSITOR DE REVISTAS E XORNAIS.**
- **EXPOSITOR DE LIBROS DE INTERESE:** relacionados con algunha celebración ou actividade que esteamos realizando.

- **ZONA DE AUDIOVISUAIS**: equipada con ordenadores, pantalla, canón e reprodutor de música, xunto aos armarios cos materiais audiovisuais (CDs, DVDs, CD-ROMs). Utiliza sempre os cascos.

Pide axuda cando non consigas localizar o libro que necesitas. A Biblioteca estará aberta no horario lectivo (acompañados/as voso titor ou titora) e nos recreos. Nos recreos podes usar a Biblioteca para lectura e consulta.